

**REUNIÓN DA COMISIÓN 3.<sup>a</sup>, ECONOMÍA,  
FACENDA E ORZAMENTOS**

Día: 08.09.2017      Hora: 10:30

A Comisión 3.<sup>a</sup>, Economía, Facenda e Orzamentos, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 8 de setembro de 2017, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

**Punto 1. Preguntas**

- 1.1 7708 (10/POC-001343)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Pontón Mondelo, Ana Belén e 5 máis  
Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para frear os recortes que presenta o Proxecto de lei de orzamentos do Estado para 2017 en materia de investimentos en Galicia  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 102, do 21.04.2017*

**Punto 2. Proposicións non de lei**

- 2.1 6341 (10/PNC-000636)  
Grupo Parlamentario de En Marea  
Lago Peñas, José Manuel  
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co incremento dos prezos rexistrado en Galicia nos dos primeiros meses de 2017 e o nivel que presenta o IPC en relación coa media do Estado  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 83, do 15.03.2017*
- 2.2 9196 (10/PNC-000961)  
Grupo Parlamentario de En Marea  
Lago Peñas, José Manuel e Sánchez García, Antón  
Sobre a revisión polo Goberno galego da estratexia de desenvolvemento económico de Galicia, co fin de frear a deriva cara a un modelo baseado en servizos de baixo valor engadido e o declive do sector industrial, así como reverter as tendencias que se están a dar no emprego e a diverxencia co resto de España  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 117, do 24.05.2017*
- 2.3 10034 (10/PNC-001040)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 5 máis  
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa convocatoria de axudas e subvencións, para o ano 2017, para o fomento do emprego e a mellora da empregabilidade no ámbito da colaboración coas entidades locais  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 128, do 14.06.2017*

- 2.4 10282 (10/PNC-001065)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis  
Sobre a creación pola Xunta de Galicia dunha oficina específica para atender as persoas afectadas pola venda do Banco Popular Pastor, así como a elaboración dun estudo en relación co impacto da venda dese banco nas persoas usuarias e as posibles consecuencias na calidade e suficiencia da atención dos servizos bancarios diante dun escenario de reestruturación  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 128, do 14.06.2017*
- 2.5 10518 (10/PNC-001090)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 3 máis  
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego destinadas á mellora, modernización e competitividade do tecido produtivo rural  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 132, do 21.06.2017*
- 2.6 12875 (10/PNC-001214)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis  
Sobre a demanda á Xunta de Galicia relativa á auditoría das condicións de cesión e uso, por parte da fundación privada Cipri Gomes, do antigo instituto de Viana do Bolo  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 156, do 02.08.2017*

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás mocións e ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 4 de setembro de 2017

Abel Fermín Losada Álvarez  
Presidente da Comisión

# RELACIÓN DE MEMBROS DE **COMISIÓN 3.ª, ECONOMÍA, FACENDA E ORZAMENTOS**

POR ORDE ALFABÉTICA

## **Mesa**

Presidente

Abel Fermín Losada Álvarez

S

Vicepresidenta

Cristina Isabel Romero Fernández

P

Secretario

Gonzalo Trenor López

P

## **Vogais**

José González Vázquez

P

José Manuel Lago Peñas

EM

María Guadalupe Murillo Solís

P

Paula Prado del Río

P

Noa Presas Bergantiños

BNG

Pedro Puy Fraga

P

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo

S

Antón Sánchez García

EM

Sandra Vázquez Domínguez

P

Reunión da Comisión 3.<sup>a</sup>, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 08.09.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas

**Reunión da Comisión 3.<sup>a</sup>, Economía, Facenda e Orzamentos**

**Día: 08.09.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.1 7708(10/POC-001343)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e 5 máis

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para frear os recortes que presenta o Proxecto de lei de orzamentos do Estado para 2017 en materia de investimentos en Galicia

*Publicación da iniciativa, 102, 21.04.2017*



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galicia  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 06/04/2017 16:30**  
**Nº Rexistro: 7708**  
Data envío: 06/04/2017 16:20:50.616

### Á Mesa do Parlamento

**Ana Belén Pontón Mondelo, Noa Presas Bergantiños, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, relativa aos orzamentos xerais do Estado para 2017.

O proxecto de orzamentos do Estado supón un agravio e unha discriminación sen precedentes a Galiza que perde 442 millóns de euros en investimentos. O descenso do investimento territorializado en Galiza é o segundo máis intenso de todo o Estado termos absolutos, e o terceiro máis intenso en termos relativos.

Nunca no presente século se producirá un descenso tan intenso do investimento en Galiza, tanto en termos absolutos, cun descenso de 442,65 millóns de euros, como en termos relativos, cun descenso do 33%. É dicir, o investimento en Galiza redúcese nun terzo nun só ano. Por primeira vez en catorce anos, o investimento en Galiza é inferior aos mil millóns de euros.

Estes orzamentos son inasumíbeis como galegas e galegas e hipotecan o noso futuro. Hai importantes proxectos que dependen do goberno central e que non teñen o impulso necesario, non só en materia de infraestruturas e



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 06/04/2017 16:30**  
**Nº Rexistro: 7708**  
Data envío: 06/04/2017 16:20:50.616

modernización do ferrocarril, senón no medio ambiente, na rexeneración integral das rías ou a creación de emprego.

En termos xerais, os orzamentos do Estado son restritivos e consolidan os recortes. De feito, os recursos para a sanidade, educación e servizos sociais están aínda moi por debaixo dos niveis anteriores á crise. Baixa un 6,6% o gasto en desemprego co argumento de que aumenta o emprego, esquecendo a realidade da emigración, da precariedade e o feito de ter a miles de parados e paradas que xa non perciben a prestación.

Son uns orzamentos totalmente *incribeis* en termos recaudatorios posto que prevén uns ingresos de 200.963 millóns de euros, máis que en 2007 antes da crise. E iso pese a que admite que vai caer o consumo público e privado. Fían o crecemento as exportacións e a subida de prezos.

A débeda pública ten un peso importante: o 9% do gasto vai para pagar intereses da débeda pública, 32.171 millóns de euros. Grazas á excelente xestión do PP a débeda pasou de ser o equivalente ao 35% do PIB en 2008 ao 99% do PIB en 2017.

Entre as prioridades do PP: aumenta o gasto militar, -hai que facerlle caso a Trump a aportar máis a OTAN-, e o gasto na Casa Real. Estamos convencidas que a maioría dos galegos e as galegas pensan que hai mellor destino para os seus impostos.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 06/04/2017 16:30**  
**Nº Rexistro: 7708**  
Data envío: 06/04/2017 16:20:50.616

Polo dito formulamos a seguinte pregunta para a súa resposta oral en comisión:

Que ten previsto facer a Xunta para frear o recortazo a Galiza que representan os orzamentos do Estado de Mariano Rajoy?

Santiago de Compostela, 6 de abril de 2017

Asdo.: **Ana Belén Pontón Mondelo**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Montserrat Prado Cores**

**Luis Bará Torres**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Ana Pontón Mondelo na data 06/04/2017 16:18:05**

**Noa Presas Bergantiños na data 06/04/2017 16:18:10**

**Olalla Rodil Fernández na data 06/04/2017 16:18:15**



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 06/04/2017 16:30**  
**Nº Rexistro: 7708**  
Data envío: 06/04/2017 16:20:50.616

**María Montserrat Prado Cores na data 06/04/2017 16:18:18**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 06/04/2017 16:18:22**

**Xosé Luis Bará Torres na data 06/04/2017 16:18:23**

Reunión da Comisión 3.<sup>a</sup>, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 08.09.2017

Hora: 10:30

Orde do día

2.       Proposicións non de lei

**Reunión da Comisión 3.<sup>a</sup>, Economía, Facenda e Orzamentos**

**Día: 08.09.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.1 6341(10/PNC-000636)

Grupo Parlamentario de En Marea

Lago Peñas, José Manuel

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co incremento dos prezos rexistrado en Galicia nos dos primeiros meses de 2017 e o nivel que presenta o IPC en relación coa media do Estado

*Publicación da iniciativa, 83, 15.03.2017*

## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa do seu deputado **Manuel Lago Peñas** e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

O IPC do mes de febreiro sitúa a inflación anual no 3%, un dato moi preocupante que vén dar continuidade ao sucedido no mes de xaneiro. Xa son dous meses consecutivos nos que os prezos medran nun 3%, a cifra máis alta dende 2008, e iso significa que non estamos diante dun simple e conxuntural aumento dos prezos, senón que volvemos ao escenario habitual de inflación da economía española e galega.

O que introduce maiores problemas neste caso é a abrupta transición de escenarios de inflación moi baixa e mesmo negativa, o outro, onde se incrementan os prezos de forma significativa.

A razón é que cando os prezos soben máis do que estaba previsto provocan graves distorsións económicas e quebrantos nos casos de perceptores de rendas que non se actualizan de forma inmediata para corrixir a desviación dos prezos.

Esta é a situación na que a día de hoxe se atopan os empregados públicos, os asalariados en xeral, os pensionistas, os perceptores de rendas públicas. En concreto:

- 1.- Os empregados públicos, que teñen os seus salarios nominais conxelados porque o orzamento da Xunta de Galicia non contempla ningún incremento, de tal forma que xa levan dous meses perdendo un 3% de poder adquisitivo.



Dende o 2010, no que se lle baixou o soldo ao 5%, esta é a maior redución do seu salario real.

2.- Os asalariados do sector privado, que acordaron coas empresas un incremento salarial do 1% en 2016 e que agora sofren un enorme retraso na negociación dos convenios para 2017, de tal forma que están perdendo ata dous puntos de poder adquisitivo. Unha situación que non se daba dende 2013 porque, a pesares dos baixos incrementos nominais pactados a inflación baixa ou negativa tradúcese en ganancia de poder adquisitivo.

3.- Os pensionistas, que teñen a súa pensión practicamente conxelada dende 2014 por aplicación da fórmula de revalorización introducida na última reforma do sistema de pensións, xa que nos últimos catro anos —incluído o 2017— as pensións incrementáanse o 0,25% cada ano. En catro anos a subida acumulada e do 1% e, agora, cun IPC no 3% van sufrir una perda brutal de poder adquisitivo, algo inaceptable nun país como o noso no que a pensión media está en 771 euros.

4.- Os perceptores de calquera prestación pública, dende a Risga ata as prestacións por desemprego. Porque ningunha destas rendas se van a actualizar e, polo tanto, empezan o ano perdendo o 3% do seu valor real. Unha situación que afecta de forma especial as prestacións vinculadas o IPREM que leva dende o ano 2010 anos conxelado en 532 euros.

Estamos falando da inmensa maioría social, porque as persoas pensionistas, as asalariadas do sector público e privado, os desempregados e as persoas que dependen deles supoñen unha porcentaxe próxima ao 90% do total da sociedade galega.

Por iso, a redución das súas rendas en termos reais —salarios, pensións, prestacións— non só vai provocar un empeoramento das súas condicións de vida senón que, ademais, ten graves e negativas repercusións sobre a actividade económica.



Cos datos de 2015 do IGE sabemos que estas rendas supoñen o 87% do gasto dos fogares galegos e, polo tanto, a redución das súas rendas, en termos reais, vai provocar unha caída da demanda interna que terá como consecuencia inmediata unha desaceleración da actividade económica.

Os fogares que teñen como principal fonte de ingresos os salarios aportaron o 46% do gasto total en Galicia en 2015, seguido do 39% gastado por fogares que teñen nas pensións os subsidios e as prestacións a súa fonte principal de ingresos.

Baixar salarios e pensións supón deprimir a demanda interna e, polo tanto, a económica e o emprego.

Nestes anos anteriores deuse a situación contraria. A pesares de que tanto salarios como as pensións tiveron incrementos mínimos — o 0,25 as pensións e por baixo do 1% os soldos— a inflación negativa transformou esta variación mínima en incrementos reais das rendas.

Agora a situación é contraria: segue o incremento nominal baixo pero cunha inflación no 3% prodúcese unha enorme perda de poder adquisitivo dos pensionistas e asalariados.

Segundo o discurso oficial o 2017 é o cuarto ano da recuperación, pero para os 825.000 asalariados e asalariadas de Galicia e as súas familias e para os 760.000 pensionistas continúa á crise, porque van sufrir unha caída moi importante da súa renda real.

Un problema que ten a súa orixe nas prácticas dos oligopolios, especialmente, os que dominan o sector enerxético, tanto no mercado da electricidade como o dos carburantes.

Neste caso non é discutible quen ten a responsabilidade no aumento da inflación: obviamente non son os salarios- que apenas medran o 1%- senón os beneficios extraordinarios que acadan as grandes compañías eléctricas e petroleiras que se



aproveitan da súa posición de control para subir prezos e obter así unha maior rendibilidade.

Un comportamento inaceptable por moitas razóns de xustiza social, pero tamén económicas. Levamos sete anos sufrindo unha deriva devaluación interna, que se concreta na redución dos salarios, baixo a coartada de recuperar competitividade internacional a través da redución dos prezos. Pois ben, se o IPC en España/Galicia medra o dobre que a media da UE, significa que por culpa do incremento dos beneficios do oligopolio enerxético, se perden as hipotéticas vantaxes da redución de custes pagada co duro prezo da redución dos salarios.

E, polo tanto, un comportamento empresarial inaceptable que afecta ao conxunto da economía e polo tanto do emprego, que ten que ser corrixido de xeito inmediato. Non se pode aguantar que se someta a toda a cidadanía a unha dieta de austeridade extrema e que unha ínfima minoría se burle dese esforzo, con prácticas que provocan problemas de competitividade ás empresas industriais e ao conxunto da economía do país.

Hai que dicilo claramente: é urxente actuar contra os oligopolios, defendendo os intereses da cidadanía, do tecido produtivo e do conxunto do país.

As consecuencias da abrupta subida dos prezos por culpa dos oligopolios ten consecuencias sobre a vida das persoas, sobre a economía e tamén sobre as contas públicas, empezando polos orzamentos.

Nos orzamentos para 2017, que se veñen de probar fai pouco no Parlamento, tanto os ingresos como os gastos están condicionados por unha previsión de inflación que está moi por baixo da realidade actual.

A previsión de inflación do orzamento é do 1,2% pero o IPC leva dous meses instalado no 3%: case o triplo. E isto ten consecuencias moi relevantes, tanto nos ingresos como nos gastos.





Nos gastos, porque con este nivel de prezos o orzamento, no seu conxunto, decrece en termos reais, porque o seu crecemento nominal está por baixo do 3%.

Así, as operacións non financeiras medran no orzamento o 2,7% en comparación con 2016 e, polo tanto, cunha inflación do 3% estase reducindo ao 0,3% en termos reais, unha caída que afecta de forma especial aos gastos de persoal xa que o incremento nominal do 1,3% transfórmase nunha redución do 1,7% en termos reais.

Unha caída en termos reais que afecta á maioría das funcións nas que se distribúe o orzamento. A sanidade e a educación medran o 2,8% nominal e polo tanto sofren unha redución en termos reais. E o mesmo lle sucede ao investimento en infraestruturas, á dinamización do medio rural, ás actuacións medioambientais e ao I+D+i.

O orzamento de 2017 xa non se podía cualificar de expansivo porque medraba por baixo do PIB nominal, pero agora, cunha inflación que case triplica a previsión, pasa a ser un orzamento claramente contractivo. Un dato demostra: o PIB nominal podería chegar ao 5,4% de manterse o IPC no seu valor actual fronte ao 2,8% no que medrara o gasto non financeiro, o que financia os servizos públicos, os investimentos, as prestacións e a política social.

No caso dos ingresos a situación sería a inversa, porque un incremento nominal superior ao estimado tradúcese na mellora das bases impositivas das diferentes figuras tributarias e, polo tanto, a recadación será maior á prevista.

Por iso, se non hai rectificación nos gastos, o resultado será a profundización nas políticas de recortes, destinando os maiores ingresos nominais a reducir o déficit ao tempo que se empeora a dotación de recursos que financian os servizos públicos.

Por todo elo, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:



PARLAMENTO DE GALICIA  
REGISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 08/03/2017 16:52  
Nº Rexistro: 6341  
Data envío: 08/03/2017 16:52:46.732



O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

- Combater as causas que están detrás do incremento dos prezos, en especial, se o IPC en Galicia segue por riba da media do Estado.
- Buscar a fórmula de compensar a perda de poder adquisitivo das persoas que dependan dela.
- Rectificar as cifras macroeconómicas e as estimacións de ingresos e gastos para adaptalas á nova realidade.

Santiago de Compostela, 8 de marzo de 2017.

Asdo.: Manuel Lago Peñas,

Asdo.:Luís Villares Naveira

Deputado do G.P. de En Marea

Voceiro do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**José Manuel Lago Peñas na data 08/03/2017 16:49:04**

**Luis Villares Naveira na data 08/03/2017 16:49:15**

**Reunión da Comisión 3.<sup>a</sup>, Economía, Facenda e Orzamentos**

**Día: 08.09.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.2 9196(10/PNC-000961)

Grupo Parlamentario de En Marea

Lago Peñas, José Manuel e Sánchez García, Antón

Sobre a revisión polo Goberno galego da estratexia de desenvolvemento económico de Galicia, co fin de frear a deriva cara a un modelo baseado en servizos de baixo valor engadido e o declive do sector industrial, así como reverter as tendencias que se están a dar no emprego e a diverxencia co resto de España

*Publicación da iniciativa, 117, 24.05.2017*

## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa dos seus deputados **Manuel Lago Peñas e Antón Sánchez García**, ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 3.<sup>a</sup>**.

O BBVA Reserach ven de publicar un informe sobre as tendencias económicas no primeiro trimestre do 2017 para as diferentes CCAA, titulado “España: Presentación Observatorio regional. Segundo trimestre 2017”.

Os datos indícanos que en Galicia se está intensificando o proceso de terciarización da economía, na que gañan pesos os servizos de baixo valor engadido. Así obsérvase o declive do sector industrial galego, ao mesmo tempo que se da unha evolución positiva do sector turismo.

No informe destacase que Galicia está diverxendo de tendencias favorables que se observan nas CCAA do norte. Por exemplo, cando se analiza o investimento en bens de equipo, a nosa Comunidade Autónoma é a cuarta cunha peor tendencia despois de Canarias e Baleares, dúas CCAA onde as súas economías están baseadas no turismo, e Madrid. Pola contra os nosos veciños do norte son os que presentan unha evolución máis favorable.

Outra das variables que pon de manifesto a tendencia negativa do sector industrial galego é a referente á produción industrial. No primeiro trimestre do 2017 Galicia presenta a peor evolución de entre tódalas CCAA nesta variable. Por outra banda a produtividade aparente no traballo na industria manufactureira mantén no 2014-2015, unha peor evolución que a media española.



Estes datos poñen de manifesto o declive do sector industrial no que se atopa inmerso Galicia, que contrasta co feito de que o peso da industria en Galicia con respecto a España sempre foi superior e mantivo tendencias máis positivas.

Pola contra, o informe do BBVA Research, sinala que estas tendencias negativas son compensadas polo turismo, sector residencial e exportacións de bens para o conxunto do Estado. Cúmrese para Galicia isto?.

En primeiro lugar, o crecemento real das exportacións galegas no primeiro trimestre do 2017, presenta a peor tendencia, de novo, entre tódalas CCAA; soamente Baleares atópase por debaixo.

En segundo lugar a evolución do sector residencial tampouco é positiva. Deste xeito, o crecemento de visados para obra de vivenda presenta a segunda peor evolución de toda España. Soamente Asturias atópase nunha situación peor.

As únicas variables que presentan un comportamento mellor ca media do resto de España, serían a produtividade aparente do traballo no comercio, transporte e hostalería, onde somos a primeira Comunidade Autónoma cunha mellor evolución no I trimestre do 2017 e o crecemento das pernoctacións dos visitantes, onde nos situamos xusto por riba da media española.

Finalmente no documento analizado lévase a cabo unha previsión de escenario para o conxunto 2017 e para o vindeiro ano 2018. Nestas previsións sinálase que o crecemento do PIB de Galicia para estes dous anos sitúase no 2,9% e 2,7%, respectivamente, mentres que en España será do 3% e 2,7%. Tamén se sinala que o crecemento do emprego é do 0,9% no 2017 e do 0,9% no 2018, mentres que para o conxunto do Estado é do 2,6% para os dous anos.

Estes datos son moi negativos para Galicia, xa que amosan que non se está a dar un proceso de converxencia con España.



PARLAMENTO DE GALICIA  
REGISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 16/05/2017 11:55  
Nº Rexistro: 9196  
Data envío: 16/05/2017 11:55:04.407



Resumindo o recollido ata o de agora, poderíase indicar que en Galicia se está producindo unha intensificación do proceso de terciarización da economía galega cara sectores de baixo valor engadido, coas súas respectivas consecuencias no sector industrial, no emprego e no proceso de converxencia territorial.

Polo exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a levar a cabo unha revisión da estratexia de desenvolvemento económico de Galicia, co obxectivo de frear a deriva cara un modelo baseado en servizos de baixo valor engadido e o declive do sector industrial, para deste xeito revertir as tendencias tan negativas que se dan no emprego así como tamén, a diverxencia que se está dando co resto de España.

Santiago de Compostela, 16 de maio de 2017.

Asdo.: Manuel Lago Peñas,  
Deputado do G.P. de En Marea

Asdo.: Antón Sánchez García  
Voceiro S. do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**José Manuel Lago Peñas na data 16/05/2017 11:51:12**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 16/05/2017 11:55**  
**Nº Rexistro: 9196**  
Data envío: 16/05/2017 11:55:04.407

**Antón Sánchez García na data 16/05/2017 11:51:20**

**Reunión da Comisión 3.<sup>a</sup>, Economía, Facenda e Orzamentos**

**Día: 08.09.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.3 10034(10/PNC-001040)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa convocatoria de axudas e subvencións, para o ano 2017, para o fomento do emprego e a mellora da empregabilidade no ámbito da colaboración coas entidades locais

*Publicación da iniciativa, 128, 14.06.2017*





Grupo Parlamentario

## Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Abel Fermín Losada Álvarez, Patricia Vilán Lorenzo, Juan Manuel Díaz Villoslada, Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 3ª.

O luns, 8 de maio de 2017, publicouse a orde do 2 de maio de 2017 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2017, establecendo como beneficiarios aos concellos e as mancomunidades de concellos, os consorcios locais e as entidades locais menores, sempre que todos eles dispoñan de capacidade técnica e de xestión suficientes para a execución dos correspondentes proxectos.

As subvencións contidas nesta orde financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 09.40.322C.460.2 por un importe global de 1.300.000 euros.

A dita orde establece nos seus artigos:

### Artigo 1. Obxecto e finalidade

Esta orde ten por obxecto o establecemento das bases reguladoras e as condicións polas cales se rexerá, no ámbito da comunidade autónoma de Galicia, a convocatoria pública, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas e subvencións destinadas o financiamento de accións de fomento de emprego, en colaboración coas entidades locais, a través da contratación de persoas traballadoras desempregadas para a realización de obras ou servizos de interese xeral e social, co obxecto de proporcionarlles a experiencia e a práctica profesional necesarias para facilitar a súa inserción laboral.



**Grupo Parlamentario**

Artigo 4. Requisitos das obras ou servizos

1. As obras ou servizos que se desenvolverán mediante a actividade das persoas traballadoras desempregadas deberán ser de interese xeral e social, competencia das entidades locais e cumprir os seguintes requisitos:

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

- a) Que sexan executados polas entidades locais en réxime de administración directa ou polos organismos, entes ou empresas públicas a que se encomende a súa execución.
- b) Que, na súa execución ou prestación, se favoreza a formación e práctica profesionais das persoas desempregadas.
- c) Que a porcentaxe mínima de persoas traballadoras desempregadas que se vaian ocupar na realización da obra ou servizo sexa do 75 %.
- d) Que a entidade local dispoña de asignación orzamentaria suficiente para facerse cargo das partidas orzamentarias non subvencionadas para a realización das obras ou servizos.
- e) Que sexan proxectos que teñan en conta profesións que favorezan a inserción laboral.
- f) Que a duración dos contratos das persoas desempregadas que vaian desenvolver a prestación dos servizos non supere os tres meses desde a súa data de inicio, cando a xornada sexa a tempo completo. En caso de contratacións a tempo parcial, de ata o 50 %, a dita duración máxima poderá estenderse ata os seis meses.

No artigo 5 establece que a contía da subvención que percibirán as entidades beneficiarias será, para os efectos salariais, a equivalente á necesaria para sufragar os custos salariais totais, incluída a cotización empresarial á Seguridade Social por todos os conceptos, na mesma cantidade que a fixada para o salario segundo o convenio colectivo vixente no momento de formular a solicitude, por cada persoa traballadora desempregada contratada, establecendo os importes



#### Grupo Parlamentario

máximos que, poderán incrementarse nun 15 % no caso de que as contratacións se realicen nunha obra ou servizo solicitados conxuntamente, de acordo co punto 2.3 do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 28 de febreiro de 2013.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

E no seu apartado 4, establece que o prazo para a presentación de solicitudes será dun mes, contado desde o día seguinte ao da publicación da presente orde no *Diario Oficial de Galicia*.

No artigo 13.2, establécese que o prazo de resolución e notificación será de tres meses contados a partir da finalización do prazo de presentación da solicitude. Se no prazo indicado non se dita resolución expresa, entenderase desestimada a solicitude por silencio administrativo, de acordo co disposto no artigo 23.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

E no artigo 16 regúlase a contratación anticipada:

1. Unha vez presentada a correspondente solicitude, cada entidade local, para poder iniciar aqueles proxectos de urxente posta en marcha, poderá contratar anticipadamente aquelas persoas traballadoras desempregadas que lle sexan autorizadas pola respectiva xefatura territorial.
2. Para poder acollerse a esta modalidade de contratación anticipada os concellos, logo de indicalo expresamente no expediente de solicitude, deberán esperar a recibir a autorización expresa para a contratación por parte da respectiva xefatura territorial indicando, cando proceda, a obra ou o servizo en que desenvolverán o seu traballo as persoas contratadas baixo esta modalidade.
3. O proceso de selección e contratación dos desempregados e das desempregadas baixo esta modalidade deberá respectar, en todo caso, o establecido nos artigos 14 e 15, e as oficinas de emprego deberán tramitar as correspondentes ofertas á vista da autorización sinalada no parágrafo anterior.
4. A xustificación das contratacións realizadas con anterioridade a que se diten as correspondentes resolucións admitirase sempre e cando se cumplan as normas contidas neste artigo.



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 06/06/2017 10:35  
Nº Rexistro: 10034  
Data envío: 06/06/2017 10:35:42.259



---

**Grupo Parlamentario**

5. Unha vez concedidas as autorizacións, a xefatura territorial deberá remitir á Secretaría Xeral de Emprego unha copia de cada unha delas, así como unha relación do total de autorizacións concedidas.

---

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Á vista destes datos, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia, insta o Goberno galego a:

1º) Habilitar a cantidade de 8,7M € para incrementar a contía consignada na convocatoria destas axudas para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais, ata chegar a 10M €.

2º) Convocar estas axudas no mes de decembro de 2017 para as subvencións do ano 2018, co fin de que as entidades locais poidan facer a programación das obras ou servizos de interese xeral e social coa antelación necesaria.

3º) Establecer un período mínimo de 6 meses para as persoas desempregadas no caso de contratos a tempo completo, e de doce meses para os contratos a media xornada.

4º) Suprimir o requisito de solicitude conxunta de acordo co punto 2.3 do acordo do Consello da Xunta de Galicia do 28 de febreiro de 2013.

Pazo do Parlamento, 30 de maio de 2017

**Asinado dixitalmente por:**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 06/06/2017 10:31:08**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 06/06/2017 10:31:17**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 06/06/2017 10:35**  
**Nº Rexistro: 10034**  
Data envío: 06/06/2017 10:35:42.259



---

 **Grupo Parlamentario**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 06/06/2017 10:31:25**

**Juan Manuel Díaz Villoslada na data 06/06/2017 10:31:36**

**Noela Blanco Rodríguez na data 06/06/2017 10:31:50**

**Julio Torrado Quintela na data 06/06/2017 10:31:57**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 06/06/2017 10:32:05**

---

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

---

**Reunión da Comisión 3.<sup>a</sup>, Economía, Facenda e Orzamentos**

**Día: 08.09.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.4 10282(10/PNC-001065)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a creación pola Xunta de Galicia dunha oficina específica para atender as persoas afectadas pola venda do Banco Popular Pastor, así como a elaboración dun estudo en relación co impacto da venda dese banco nas persoas usuarias e as posibles consecuencias na calidade e suficiencia da atención dos servizos bancarios diante dun escenario de reestruturación

*Publicación da iniciativa, 128, 14.06.2017*



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REGISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 08/06/2017 17:11  
Nº Rexistro: 10282  
Data envío: 08/06/2017 17:11:23.887

### Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 3ª**, relativa ás necesidades de atención das persoas e colectivos afectados pola venda do Banco Popular.

Despois de semanas de incertezas e rumores arredor do futuro do Banco Pastor confirmouse a súa venda ao banco Santander o pasado sete de xuño de 2017. Isto supón un punto de inflexión importante no proceso de concentración e centralización do mercado bancario que trae numerosas consecuencias no ámbito económico e financeiro. Máis aínda, estes acontecementos sitúan a moitos galegos e galegas nun momento de incerteza arredor de como se verán afectados e afectadas, tanto os usuarios de diversos produtos financeiros como as persoas accionistas, por exemplo.

Cómpre lembrar que malia á desatención do goberno galego sobre este ámbito de actuación, especialmente na esfera bancaria, Galiza posúe competencias exclusivas en materia de consumo. Neste sentido, ao abeiro do Decreto 118/2016, do 4 de agosto, creouse o Instituto Galego do Consumo e da Competencia, que posúe, entre as súas funcións, as seguintes: no que veñen reguladas, como funcións do mesmo as seguintes:

- Orientar, formar e informar as persoas consumidoras e usuarias sobre os seus dereitos e a forma de exercelos e de difundir o seu coñecemento.



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 08/06/2017 17:11**  
**Nº Rexistro: 10282**

Data envío: 08/06/2017 17:11:23.887

- Promover e levar a cabo os estudos que permitan unha prognose adecuada da problemática do consumo, así como levar a cabo ensaios comparativos, análises de laboratorio e, en xeral, todos os procedementos técnicos que se precisen para o mellor coñecemento dos bens, produtos e servizos que se oferten ao consumidor e usuario.

- Potenciar a mediación e a arbitraje para a resolución dos conflitos en materia de consumo, organizando e xestionando o funcionamento da Xunta Arbitral de Consumo de Galicia.

Sen dúbida, a consumación da venda desta entidade bancaria traerá consecuencias para moitos galegos e galegas aínda difíciles de concretar, pero todos os indicios apuntan á súa magnitude. Abonda pensar, por exemplo, nas persoas titulares de preferentes e de bonos convertíbeis e débeda subordinada, nas persoas accionistas, entre as que se atopan pequenos accionistas mesmo procedentes dos propios cadros de persoal das entidades, instados a adquirilas. Á vista deste escenario, a Xunta de Galiza debe adoptar un papel proactivo e exercer as súas competencias.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG formula a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 3ª:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a:

- proceder á creación inmediata dunha oficina específica para atender ás persoas afectadas polas recentes actuacións de concentración bancaria (especialmente minoristas, pequenos accionistas e persoas que recentemente adquiriron produtos financeiros...).





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 08/06/2017 17:11  
Nº Rexistro: 10282  
Data envío: 08/06/2017 17:11:23.887

- elaborar un estudo, ao abeiro do Instituto Galego de Consumo, e coa colaboración doutras entidades, sobre o impacto da venda do Banco Popular nas persoas consumidoras afectadas directa e indirectamente así como as potenciais consecuencias na calidade e suficiencia da atención dos servizos bancarios diante dun escenario de reestruturación da atención.”

Santiago de Compostela, 8 de xuño de 2017

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Montserrat Prado Cores**

**Luis Bará Torres**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Belén Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 08/06/2017 17:06:46**

**Olalla Rodil Fernández na data 08/06/2017 17:06:50**



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 08/06/2017 17:11**  
**Nº Registro: 10282**

Data envío: 08/06/2017 17:11:23.887

**Xose Luis Rivas Cruz na data 08/06/2017 17:06:53**

**María Montserrat Prado Cores na data 08/06/2017 17:06:56**

**Xosé Luis Bará Torres na data 08/06/2017 17:06:57**

**Ana Pontón Mondelo na data 08/06/2017 17:07:00**

**Reunión da Comisión 3.<sup>a</sup>, Economía, Facenda e Orzamentos**

**Día: 08.09.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.5 10518(10/PNC-001090)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 3 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego destinadas á mellora, modernización e competitividade do tecido produtivo rural

*Publicación da iniciativa, 132, 21.06.2017*



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e dos seus deputados, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Abel Losada Álvarez, José Manuel Pérez Seco e José Antonio Quiroga Díaz, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 3ª.

Os concellos rurais están a sufrir un importante despoboamento, sobre todo das persoas máis novas, cara ás cabeceiras de comarca e, fundamentalmente, cara ás grandes cidades.

Este feito ten varias causas, pero podemos apuntar como as de maior peso, por unha banda o abandono de actividades económicas, fundamentalmente as agrícolas e gandeiras e, por outra, a perda progresiva de servizos no mundo rural, que impiden a moitas familias desenvolver con normalidade unha vida adaptada ás necesidades do século XXI.

O presidente da Xunta de Galicia no seu discurso de investidura manifestou que esta ía ser a “Lexislatura do Rural”, pero a realidade é que a falta de apoio por parte da Xunta de Galicia para incentivar ás familias para asentarse no rural, a falta de apoio aos sectores produtivos para que permanezan e melloren a súa produtividade e a perda progresiva de servizos privados e públicos teñen agravado de xeito preocupante o despoboamento no rural.

A dita afirmación non se corresponde coa baixa execución orzamentaria do exercicio 2016 en determinadas partidas correspondentes á Consellería do Medio Rural e que parecían destinadas a fixar poboación, así como a mellorar e modernizar o tecido produtivo rural.

Se medimos a execución tomando as obrigas recoñecidas sobre o crédito inicial, temos que:

- A partida 712A Fixación de Poboación no Medio Rural presenta unha execución dun 68,61 %



**Grupo Parlamentario**

- A partida 712B Modernización e diversificación do Tecido Produtivo Rural, presenta unha execución dun 44 %.
- A partida 741A Apoio á modernización, internacionalización e mellora da competitividade, innovación e produtividade empresarial presenta unha execución dun 60,98 %

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

As modificacións orzamentarias durante o exercicio 2016 respecto ao crédito inicial do orzamento supuxeron unha diminución total de 55.799.000 € menos para estas tres partidas.

Polo que, á vista dos datos existentes, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia, insta o Goberno galego a:

1º) Elaborar un estudo sobre as medidas necesarias para incentivar o asentamento poboacional no rural galego co fin de poder reflectilas e orzamentalas nos orzamentos da comunidade autónoma galega para o ano 2018.

2º) Adoptar as medidas necesarias para incentivar a modernización, competitividade e/ou especialización dos sectores produtivos no rural galego.

3º) Manter os servizos públicos no rural, colaborando financeiramente cos concellos máis pequenos co fin de que poidan desenvolver as competencias que lle outorgan as leis.

Pazo do Parlamento, 9 de xuño de 2017

**Asinado dixitalmente por:**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 15/06/2017 10:47:04**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 15/06/2017 10:47:11**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 15/06/2017 10:48**  
**Nº Rexistro: 10518**



Data envío: 15/06/2017 10:48:19.002



---

 **Grupo Parlamentario**

**Jóse Manuel Pérez Seco na data 15/06/2017 10:47:19**

**José Antonio Quiroga Díaz na data 15/06/2017 10:47:28**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 15/06/2017 10:47:40**

---

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

---

**Reunión da Comisión 3.<sup>a</sup>, Economía, Facenda e Orzamentos**

**Día: 08.09.2017**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.6 12875(10/PNC-001214)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a demanda á Xunta de Galicia relativa á auditoría das condicións de cesión e uso, por parte da fundación privada Cipri Gomes, do antigo instituto de Viana do Bolo

*Publicación da iniciativa, 156, 02.08.2017*



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REGISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 20/07/2017 09:30  
Nº Rexistro: 12875  
Data envío: 19/07/2017 14:15:13.267

### Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 3ª**, relativa á auditoría das condicións de cesión e uso por parte da fundación privada Cipri Gomes do antigo instituto de Viana do Bolo

No ano 2012, como xa daquela denunciou publicamente o Bloque Nacionalista Galego, o concello de Viana do Bolo, cuxa alcaldía ostentaba o señor Andrés Montesinos Rodríguez, cedeu a título gratuito o edificio do antigo instituto á Fundación “Cipri Gomes” así como o seu polideportivo anexo. A solicitude de cesión do inmovible fora solicitada pola mencionada fundación con data do 15 de febreiro de 2015. Con posterioridade, trala tramitación do oportuno expediente foi acordada no pleno do día 19 de abril de 2012 a cesión gratuita por un prazo máximo de trinta anos para destinalo teoricamente a un centro de tecnificación deportiva e formación ocupacional.

Xa por aquel entón as e os nacionalistas indicamos que faltaba claridade financeira, ao non recoller concrecións a memoria presentada por tal fundación, que non esclarecía a orixe do seu financiamento nin con que apoios económicos contaba. Faltaba tamén concreción temporal para o desenvolvemento da súa actividade nin prazos de execución do investimento nin tan sequera de presentación do proxecto. Finalmente, fomos contundentes tamén coa falta de participación municipal.





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 20/07/2017 09:30**  
**Nº Rexistro: 12875**

Data envío: 19/07/2017 14:15:13.267

Pasado o tempo e segundo información pública que consta nos soportes dixitais da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, a fundación Cipri Gomes foi beneficiaria dunha subvención vencellada os programa Leader, que nace co obxectivo de descentralizar as políticas de desenvolvemento rural e que sexan as poboacións quen o impulse, cun montante de 199.829,48€ (expediente L12 41300 11 0063). Dita subvención, ten como obxecto o citado entro de tecnificación de actividades físico deportivas de lecer e formación, tal e como se pode comprobar na súa resolución do 20 de decembro de 2013, do director xeral de Agader, pola que se aproba o novo marco financeiro do programa Leader Galicia 2007-2013, cofinanciado con Feader, e se modifican as bases reguladoras para a selección de programas de desenvolvemento rural e para a selección e o recoñecemento de entidades colaboradoras na xestión do programa Leader Galicia 2007-2013.

Na actualidade, malia diversas solicitudes de información, non consta información para o concello a respecto da realización das actividades comprometidas para a obtención de subvención e é posíbel que o non uso das instalacións para o fin comprometido poida implicar a reversión da concesión e o seu retorno para a xestión pública. Ademais, é de especial importancia auditar as actuacións subvencionadas por un programa que constitúe un recurso potencialmente útil para unha poboación con tantas necesidades de intervención como é a de Viana do Bolo.



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 20/07/2017 09:30**  
**Nº Rexistro: 12875**  
Data envío: 19/07/2017 14:15:13.267

Por todos estes motivos, o grupo parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 3ª:

O Parlamento galego acorda instar á Xunta de Galiza e a AGADER a elaborar e remitir ao Concello de Viana do Bolo unha auditoría sobre a obtención e uso de recursos públicos desde o 19 de abril de 2012 por parte da Fundación Cipri Gomes na que se avalíe o grao de cumprimento dos servizos subvencionados e comprometidos para a obtención da cesión gratuíta.

Santiago de Compostela, 19 de xullo de 2017

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Montserrat Prado Cores**

**Luis Bará Torres**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Belén Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 20/07/2017 09:30**  
**Nº Rexistro: 12875**  
Data envío: 19/07/2017 14:15:13.267

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 19/07/2017 14:06:19**

**María Montserrat Prado Cores na data 19/07/2017 14:06:26**

**Ana Pontón Mondelo na data 19/07/2017 14:06:28**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 19/07/2017 14:06:30**

**Olalla Rodil Fernández na data 19/07/2017 14:06:33**

**Xosé Luis Bará Torres na data 19/07/2017 14:06:35**